

# *Anthus trivialis* (Linnaeus, 1758)

 pica das árbores
 bisbita arbóreo
 uda-txirta
 piula dels arbres
 tree pipit
 petinha-das-árvores



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
<b>Chordata</b>	<b>Aves</b>	<b>Passeriformes</b>	<b>Motacillidae</b>	<b><i>Anthus</i></b>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	24 g
<b>Lonxitude</b>	15 cm
<b>Envergadura</b>	26 cm

## ALIMENTACIÓN

Insectos, sobre todo escaravellos

## COMPORTEMENTO

Trátase dunha especie de borde de bosque, xa que necesita zonas despexadas para ubicar o seu niño e alimentarse. A parada nupcial do macho consiste en elevarse en silencio dende un pousadeiro para comezar o canto ao descender coas ás levantadas cara outro.

## REPRODUCCIÓN

Celo de finais de abril ata agosto. 2-3 postas, nas que poñen 4-6 ovos de cor moi variable (pardo, gris, rosa, azul ou verde, con manchas ou estrías), incubados pola femia 13 días. Os polos abandonan o niño en 2 semanas.

## HÁBITAT

Pastos, matogueira, árbores dispersas, piñeirais de repoboación, etc.

## DISTRIBUCIÓN

Ocupa zonas temperadas e boreais de Eurasia durante a época reproductora. No inverno desprázase á África subsahariana e á India.

## CURIOSIDADES

En agosto, esta especie deixa de cantar mentres cambia a súa plumaxe desgastada pola cría antes de comezar a súa migración a África tropical.

No noso territorio aparece a forma nominal.